

A MARIÑA EN CUBA

■ “San Pedro de Benquerencia/ tira por mí adelante/ que estoy preso en una silva/ en San Miguel de Reinante”. Nos anos 20 e 30, os actos festivos e sociais nos Círculos Habaneros e nas quintas de Barreiros e Ribadeo introduxeron novas maneiras de relación social e personal na comarca da Mariña. A presenza de indianos, moitas veces con ricas e fermosas herdeiras, supoñía unha grande atracción para os mozos que cantaban, con ritmo habaneiro, a citada canción. Ata catro sociedades de emigrantes tivo o Concello de Barreiros na Habana: as de Hijos de San Miguel de Reinante, de Benquerencia, de Cabarcos e de Barreiros.

Poucas comarcas de Galicia gozan, como ésta, de tal número de exemplos de arquitectura indiana. E un dos seus fillos, Narciso Rocha, ademais de impulsar o centro de San Miguel, foi o fundador do Comité das Sociedades Galegas de Instrucción. Moitas veces a través del, os emigrantes construíron 336 escolas en Galicia. En ningunha comarca galega hai un número tan alto de centros escolares feitos por eles como en A Mariña: 57 no partido xudicial de Viveiro, 23 no de Mondoñedo e 24 no de Ribadeo.

O centro *Hijos de San Miguel de Reinante* constituíuse o 23 de agosto de 1908. Foi fundado por Narciso Rocha (presidente), Narciso Fernández, José e Francisco González, Antonio Díaz Moreda, Benito García, Enrique e Jesús Díaz, José R. Dorado, Antonio e Pedro González, José e Ramón García, Marcos Villarino, Narciso Rego, Pedro Penabad, Víctor Rocha, Francisco Alvarez, Teolindo Dorado, Antonio Dorrego, Antonio González e Manuel Posada.

No ano de constitución tiña un cento de socios, un local social na rúa Dragones 4 e 6 da Habana, e un delegado da sociedade, Antonio Rico, en Tampa, no estado de Florida, en Estados Unidos. Nesta cidade había unha forte presenza de emigrantes mariñáns, particularmente de Cangas de Foz, traballando en empresas tabaqueiras, logo de radicarse por un tempo na illa de Cuba.

O fin da sociedade emigrante de San Miguel era propulsar a instrucción e, para eso, empleará los medios adecuados, reclamando del Estado Español la creación de escuelas necesarias. Os seus estatutos prevían convenios para facilitar aulas provistas do material escolar preciso e tiñan, entre outros fins, protexer ós socios en caso de necesidade e celebrar actos de recreo e esparcemento.

Os xornais da emigración, como *Suevia, Galicia, Cultura Galega, Para Gloria del Terruño*, e a revista *América-Galicia* recollen nas súas páxinas abundante información en relación coa vida societaria, cultural e educativa desenvolvida pola

Poucas comarcas de Galicia gozan, como sucede no caso de A Mariña, de tantos exemplos de arquitectura indiana. E un dos seus fillos, Narciso Rocha, ademais de impulsar a sociedade

Hijos de San Miguel, foi o fundador do Comité das Sociedades Galegas de Instrucción. Moitas veces a través del, os emigrantes construíron 336 escolas en Galicia.

‘Hijos de San Miguel de Reinante’ en Cuba

Este colectivo abandeirou a creación das sociedades galegas de instrucción. Os emigrantes construíron 57 escolas no partido xudicial de Viveiro, 23 no de Mondoñedo e 24 no de Ribadeo

MARTÍN FERNÁNDEZ



SILVIA MUÑA

A comarca mariñana conta cun grande número de exemplos de arquitectura indiana

A DESTACAR

O concello de Barreiros tivo ata catro colectivos de emigrantes na capital cubana

agrupación *Hijos de San Miguel de Reinante*.

Narciso Rocha

Xa dende 1910, o centro emigrante de San Miguel pertencía ó Comité das Sociedades Galegas de Instrucción, fundado e presidido un ano antes polo ve-

Narciso Rocha foi o primeiro presidente das sociedades galegas de instrucción

ciño de San Miguel de Reinante, Narciso Rocha. Esta nova sociedade incluíu, inicialmente, as de Benquerencia, Unión Ringlea, Valle de Oro, Liga Santabalsa, Hijos de San Miguel de Reinante (Lugo), San Adrián e La Devesana (Ortigueira), Unión Barcalesa e Aurora de

A maioría das casas de indianos que se conservan no municipio son dos anos 20

Somozas (A Coruña) e Alianza de Villamarín e Unión de Rubín (A Estrada).

A federación que presidía Rocha tiña como finalidade procurar a instrucción de Galicia. Contaba con unha Secretaría para asesorar sobre construcións escolares e para recabar subven-

cións ó Estado Español para as que se construíran. E tiñan tamén o proxecto de crear compañías anónimas para anticipar ós campesinos de cada comarca os cartos precisos para reconstruír as súas casas. A entidade desapareceu en 1936.

Ademais de Rocha, *Hijos de San Miguel de Reinante* tivo como presidente en 1912 a Francisco Fernández e como secretario a Manuel Prieto. En 1933, último ano datado, a directiva estaba formada por José Rodríguez Rocha (presidente), Benito García Rodríguez (vicepresidente), José Rodríguez Pérez (secretario), Domingo Dorado Pulido (vicepresidente), Antonio Mosquera Otero (tesoureiro), Francisco López Fernández (vicepresoureiro), José Ramón Díaz Gallo (contador) e Ramón Andrade (vicecontador).

Un indiano ó que non lle gustou a casa

Os emigrantes de San Miguel de Reinante construíron escolas, restauraron ou levantaron templos e incluso chegaron a financiar un xornal, editado simultaneamente por escolas do partido xudicial de Ribadeo.

A súa pegada non rematou ahí, pois trouxeron novos hábitos, novos xeitos sociais e, sobre todo, novas ideas. A súa presenza é ben visible na singular arquitectura indiana — as casas de indianos — da parroquia. Son todas elas extraordinarias edificacións, de estilo entre a vivenda autóctona e as casas nobles de aire palacial e habaneiro.

A maior parte datan dos anos 20 e destacan a casa do Souto, promovida polo emigrante Ramón Iglesias Pérez; a de Blanco, de Julián Díaz Moreda; a de Balseiro, de José Dorrego Penabad; a do Comandante, construída en 1900 por Antonio Gómez, que fora Comandante na Guerra de Cuba; a do Xoco, en Santiago de Reinante, coas súas singularísimas ventás circulares; a de Alvaríño, tamén en Santiago de Reinante, de 1898, promovida por Rogelio Puentes, que conta con un xardín de 10.000 metros cadrados e un dos máis singulares palomares de Galicia; a de Villafra; ou a chamada *Villa Julia*.

Esta última é unha fermosa construción promovida por Alfonso Renduelez e a súa muller, Julia Rocha, que segue as pautas do Estilo Francés. Segundo Imperio. Tén unha singular cúpula e peches e portalón de ferro. Dase a circunstancia de que a casa foi promovida polo matrimonio dende Cuba e, cando este volveu a San Miguel nun dos seus temporais viaxes, a casa xa estaba levantada.

Foi tal o descontento de Renduelez e da súa muller, que mandaron construír outra, nunha parcela situada enfrente. Pero a súbita morte do home impediu que o novo proxecto se fixera realidade...